

ROSALIA CASTRO NOS LIBROS DE TEXTO DE E.X.B. e B.U.P. (1)

X.M^a DOBARRO PAZ, M^a I. GARCIA CRIADO, M^a E. LORENZO GARCIA,
M^a A. MARTINEZ PEREIRO e C. SANTOS FERNANDEZ

0. Introducción

O feito de que con ocasión do 1^o Centenario da morte de Rosalía se celebre un Congreso Internacional a ela dedicado non deixa de ter unha grande importancia. Mais esta é relativa se temos en conta que os traballos —de todo tipo— que se fagan ao redor da súa figura só van chegar a un reducido número de persoas, “especialistas”, que xa coñecen dabondo, aínda que con diferentes interpretacións, a vida e a obra da nosa primeira poeta nacional.

Pero as noticias que deste Congreso van chegar á inmensa maioría do pobo galego através dos medios de comunicación só servirán para revalorizar un nome que xa lle soa, e pouco máis. Se isto fose pouco, moito menor é a trascendencia que poda ter o Congreso fóra do país.

A realidade é que moitísima xente ten noticia da existencia dun nome —Rosalía—, normalmente mitificado, se ben é moi pouco o que sabe da importancia da súa traxectoria vital, como muller e como galega, e do seu labor como escritora.

Neste descoñecemento o ensino é un dos principais responsábeis, porque nunha sociedade materialista a literatura xoga un papel marxinal, e, cando se presta certa atención esta ten, normalmente, unha finalidade alienante e colonizadora, misturada con intereses económicos.

A maior parte da poboación sómente ten acceso ao ensino primario —hoxe constitucionalmente, que non realmente, obrigatorio—, pois máis da metade dos escolares non chega a completar os seus estudos co bacharelato, por non falarmos da mínima porcentaxe que, mesmo en épocas de crise económica como a actual, chega a finalizar estudos superiores.

Se o ensino ten un papel fundamental no coñecemento dos escritores, dentro deste o libro de texto é un vehículo fundamental, cando non exclusivo, para a transmisión de ideas, co agravante de que a palabra impresa se converte pouco menos que en “palabra de Deus” (mellor sería do demo) por dúas razóns: por ser un magnífico negocio para editoriais, libeiros e distribuidores (¿tamén profesores?) e por ser o método máis cómodo para o ensinante.

(1) Recóllese tamén exemplos dos antigos bacharelatos, elemental e superior, e máis do Preuniversitario.

Desgraciadamente, Rosalía aparece nos libros de texto e a parcial visión que nelles se dá da escritora galega é a que asimilan os escolares. Por iso pareceunos importante botar unha ollada ao que se dixo neste tipo de libros nos últimos anos destinados a rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 10 e os 17 anos. O material utilizado, que non pretende en absoluto esgotar a bibliografía existente (2) pola limitación espácio-temporal dunha comunicación, é unha mostra, cremos que suficientemente ampla, de:

- Manuais de lingua e literatura española, até hai pouco a única literatura (ás veces coas súas “vertientes regionales”) que figuraba nos plans de estudos (3).
- Manuais de lingua e literatura galega.
- Manuais de historia ou ciencias sociais.

1. Rosalía nos textos de E.X.B. e de bacharelato elemental

1.1. *Españóis*

Nos textos de historia ou de ciencias sociais son excepcionais as referencias á nosa escritora, cousa nada extraña se temos en conta que, en xeral, os manuais de historia ou das chamadas ciencias sociais adocেন dunha hipertrofia de anecdótico bélico-político en detrimento do estudo das correntes ideolóxicas ou culturais que informan unha determinada época. Contodo, nalguns textos destas materias atopamos referencias a Rosalía. Así, ás veces, Rosalía aparece no apartado “El Renacimiento de las culturas regionales”, sintomáticamente situado ao final do tema ou na marxe en letra pequena.

As referencias son sempre escuetas e nos máis dos casos non van acompañadas por unha imaxe gráfica de apoio (4), e que pode mesmo chegar a ser unha pintura de Delacroix (5). Hai excepcións que inclúen un retrato de Rosalía (6).

En “Lengua y Literatura”, as referencias á nosa poeta son case que sempre superficiais, cando non inexactas –faise coetánea do Duque de Rivas (1791-1865) e de Espronceda (1808-1842)– (7).

Como “poeta española”, o seu nome aparece, na práctica totalidade dos casos,

(2) Centrámomos principalmente nos que aínda están vixentes aínda que tamén recorremos, como é óbvio se nos referimos ao antigo bacharelato, a textos máis antigos, sempre posteriores a 1939.

(3) O galego comezou a ser obrigatorio no curso 1979-1980.

(4) P.ex. *Consultor 8. Ciencias sociales*, ed. Santillana, Madrid, 1974.

(5) Vid. *Sociedad 8*, ed. Santillana, Madrid, 1984, p. 91.

(6) Vid. *Ciencias sociales 8*, ed. Santillana, Madrid, 1977, p. 292.

(7) *Teoría y práctica de la lengua*, ed. Anaya, Salamanca, 1975, p. 213; Víctor García Hoz, *Pregón 8. Lengua y literatura española*, Sistema Fomento de Centros de Enseñanza, Madrid, 1978, p. 22; Angel Lacalle, *Lengua española*, Bosch, Barcelona, 1960, p. 175 e Efrén Quintanilla Sáenz, *Literatura. Cuestiones literarias y su historia*, Everest, 1964, p. 179.

unido ao de Bécquer, dentro da etiqueta do Romantismo (8), o que supón, ademais de ambigüidade temporal —o denominado “romantismo tardío”—, a negación da súa orixinalidade ou, como moito, o abandono da retórica romántica, infravalorando a súa influencia na lírica posterior.

Nestes casos é Bécquer o que ocupa o posto de maior relevancia e Rosalía, máis ou menos subrepticamente, o secundario, tanto no espacio que a cada un se lle dedica como na sistemática dependencia na redacción:

“Al igual que en Bécquer...” (9), “También su vida fue amarga en los órdenes económico y amoroso” (10), “En lengua gallega, Rosalía de Castro ofrece una de las mejores muestras de lírica romántica muy semejante al estilo de Bécquer” (11), “Como Bécquer, esta poetisa gallega ofrece un gran contraste con los poetas de su época, por la sencillez de su estilo y por el intimismo de su poesía” (12), “Contemporánea rigurosa de Bécquer (...) a quien sobrevivió...” (12), “Contemporánea de la de Bécquer, la lírica de Rosalía de Castro presenta, en algunos aspectos, características parecidas” (13), “Su vida es también oscura y penosa” (14), “... otra de las cumbres de la poesía romántica española” (15), “Como la de Bécquer, su poesía denota también una ansiedad febril, una inquietud angustiosa por algo vagamente sentido” ou “Desde el punto de vista formal (...) hallamos idéntica sencillez de expresión” (16).

O papel secundario chega, inclusive, á omisión total: “El único poeta de ese momento que es hoy muy estimado fue Bécquer” (17).

Excepcionalmente destácanse, non con demasiada fortuna, algunhas características de Rosalía fronte a Bécquer: “La trémula luminosidad y el suave encanto de muchas rimas están sustituidos por unos trazos enérgicos de terrible y siniestro dramatismo y por una atmósfera sombría que sólo atenúan ciertos rasgos de resignación cristiana” (18) afirmación, esta última, que non lle acai ao seu escepticismo manifes-

(8) Fernando Lázaro Carreter, *Teoría y práctica de la lengua*, ed. Anaya, Madrid, 1977; Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *Lengua española y literatura*, ed. Anaya, Salamanca, 1957, p. 229; *Senda 6. Libro de lectura*, ed. Santillana, Madrid, 1972, p. 11; *Senda 7. Libro de lectura*, ed. Santillana, Madrid, 1977, p. 28; *Senda 8. Libro de lectura*, ed. Santillana, Madrid, 1974, p. 88; Fernando Lázaro Carreter, *Curso de lengua 6*, ed. Anaya, Madrid, 1984, p. 163; *Lengua española 8º*, ed. Miñón, Valladolid, 1973, p. 309; *Comprensión y expresión. Literatura 8*, ed. Teide, Barcelona, 1974, p. 147 e Víctor García Hoz, *Pregón 8. Lengua y literatura españolas*, Sistema Fomento de Centros de Enseñanza, Madrid, 1978, p. 221.

(9) Cfr. Víctor García Hoz, *op. cit.*, p. 221.

(10) Fernando Lázaro Carreter, *op. cit.*, 1977, p. 222.

(11) Cfr. *Senda 8. Libro de lectura*, ed. Santillana, Madrid, 1977, p. 31.

(12) Cfr. Fernando Lázaro Carreter, *Curso de lengua*, ed. Anaya, Madrid, 1984, p. 163.

(13) Cfr. Fernando Lázaro Carreter, *op. cit.*, 1984, p. 137.

(14) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1957, p. 230.

(15) Cfr. Fernando Lázaro Carreter, *op. cit.*, 1984, p. 163.

(16) Cfr. *Comprensión y expresión. Literatura 8*, ed. Teide, Barcelona, 1974, p. 155.

(17) Cfr. A. de Diego et alii, *Orbe. Lenguaje 8º*, ed. Vicens Vives, Barcelona, 1977, p. 113.

(18) Cfr. *Comprensión y expresión. Literatura 8*, ed. Teide, Barcelona, 1974, p. 154. Tamén en Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *Lengua y literatura española*, ed. Anaya, Salamanca, 1971, p. 199, díse que “proclamó su fe y alcanzó a hacerlo con sinceridad, hondura y belleza”.

to (lembramos os problemas que surxiron con ocasión do traslado dos seus restos a Bonaval).

Cando non aparece xunto a Bécquer faino, o que é peor, nun apartado específico de "Poesía femenina" (19), ao carón de Gertrudis Gómez de Avellaneda e Carolina Coronado, clasificación de marcado carácter sexista que Rosalia moi conscientemente sempre rexeitou:

Daquelas que cantan as pombas e as frores
 todos din que teñen alma de muller
 pois eu que n'as canto, Virxe da Paloma,
 ¡ai! ¿de qué a teréi?

manifestaba ben ás claras no poema inicial de *Follas Novas* (20).

Nestes casos, ademais, Carolina Coronado monopoliza a parte gráfica.

Pero máis grave aínda que estas subordinacións a Bécquer ou ás "poetisas" pécen os atributos con que a soen caracterizar. Expresións como "mujer triste y enferma" (21), "enfermiza y soñadora" (22) e outras semellantes contribúen a criar unha imaxe terxiversada de quen tivo que loitar denodadamente por afirmar a súa condición de escritora —por riba en galego— nunha época en que tanto o galego como a muller estaban pouco menos que vetados para a vida e a literatura.

Igualmente lamentábeis son as frases que fan referencia ao seu estilo ou á significación da súa obra: "hace una poesía sincera y melancólica, muy personal" (23), unha poesía "de tonos tristes y pesimistas" (24), "Expresa con gran belleza y sinceridad el espíritu de sus tierras, sus dolores personales (soledad, nostalgia, melancolía)" (25) "Su poesía contiene ideas —quizá un poco pesimistas— sobre el hombre, la muerte, el dolor humano, el destino y los problemas sociales" (26), "Su poesía es nostálgica, soñadora e intimista"... (27)

Nos textos que manexamos esquecese o que sería cita obrigada da práctica totalidade da súa obra narrativa e circunscríbese o seu traballo literario a catro obras —sen dúbida as máis importantes— tratadas de forma topicamente reducionista.

Así, de *Cantares Gallegos* —nalgún caso *Canciones galegas* (28)— díse que "Glosa (...) breves canciones populares" (29), que constitúen unha "evocación del alma de su

(19) Cfr. López de Larrinzar y Pedrosa Izarra, *Lengua española y literatura*, S.M., Madrid, 1965, s.p.

(20) Cfr. Rosalía de Castro, *Poesías*, Edicións do Patronato, Vigo, 1973, p. 165.

(21) Cfr. *Lengua española 8º*, ed. Miñón, Valladolid, 1973, p. 308.

(22) Cfr. *Senda 8. Literatura 8º*, ed. Santillana, Madrid, 1974, p. 68.

(23) Cfr. *Lengua española 8*, ed. Miñón, Valladolid, 1973, p. 308.

(24) Cfr. *Ibid.*

(25) Cfr. *Para tí. Lengua 8*, ed. Hijos de Santiago Rodríguez, S.A., Burgos, 1975, p. 178.

(26) Cfr. *Senda 7. Libro de lectura*, ed. Santillana, Madrid, 1977, p. 28.

(27) Cfr. *Senda 8. Libro de lectura*, ed. Santillana, Madrid, 1977, p. 67.

(28) Cfr. M. Montané et alii, *Imagen. Libro de lengua 8º*, ed. Vicens Vives, Barcelona, 1974, s.p.

(29) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1957, p. 230.

tierra" (30), que son "poemas tiernos y tristes" (31), que "a pesar de su nostalgia es el más juvenil y alegre de sus libros" (32), que conforman un "conjunto de poemas escritos en su lengua materna en los que aflora su nostalgia por el paisaje y la vida de Galicia" (33), que trata "temas de la Galicia rural" (34) ou "Canta a los robles seculares talados por avarientos del dinero" (35).

De *Follas Novas* –normalmente acompañada da tradución *Hojas Nuevas* (36)– fálase de que "reúne un haz de poemas de honda emoción" (37), motivados pola "morriña de su tierra en el alma" (38), que contén poemas "más tristes que el anterior (*Cantares Gallegos*)" (39) nos que non só "canta la tierra gallega sino las tristezas y la soledad de su corazón" (40) (curiosamente acompañado do poema "Padrón, Padrón"), de que "tiene un mayor grado de intimismo" (41) donde "la nota alegre (a de *Cantares*) queda sustituida por el tono amargo" (42).

Polo que se refere a *En las orillas del Sar* –ás veces *A orillas del Sar* (43)– nótese a sua "inquietud angustiosa" (44) ou a sua calidade de "doloroso lamento" (45), o "rasgo pesimista y la realidad del dolor" (46) así como o feito de que este libro a converta "en una de las mejores poetisas de nuestra lengua" (47) (el español, por suposto).

A única novela que se cita, *El caballero de las botas azules* non é máis que "la más extraña y original novela del Romanticismo" (48) ou "una bella novela" (49).

Ademais, os textos que se recollen nos manuais están tomados nunha proporción de 2 a 1 de *En las orillas del Sar*, en consonancia co feito de se tratar de literatura española, e cando se utilizan textos galegos van acompañados da correspondente versión española, que non sempre vai nunha disposición secundaria a respecto do texto

(30) Cfr. Angel Lacalle, *op. cit.*, p. 177.

(31) Cfr. Angeles Cardona, *Lengua española. Voz 4*, Bosch, Barcelona, 1970, p. 258.

(32) Cfr. E. Villamana, *Lengua y literatura*, Librería General, Zaragoza, s.d., p. 204.

(33) Cfr. *Senda 8. Literatura*, ed. Santillana, Madrid, 1974, p. 68.

(34) Cfr. *Lengua española 8^o*, ed. Miñón, Valladolid, 1973, p. 308, e *Comprensión y expresión*, ed. Teide, Barcelona, 1974, p. 154.

(35) Cfr. A. Lacalle, *op. cit.*, p. 178.

(36) P.ex. Fernando Lázaro Carreter, *Curso de lengua*, ed. Anaya, Madrid, 1984 e Fernando Lázaro Carreter, *op. cit.*, 1977, p. 223.

(37) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1957, p. 230.

(38) Cfr. Angeles Cardona, *op. cit.*, p. 258.

(39) Cfr. E. Villamana, *op. cit.*, p. 204.

(40) Cfr. *Ibid.*

(41) Cfr. *Senda 8. Literatura*, ed. Santillana, Madrid, 1974, p. 68.

(42) Cfr. *Comprensión y expresión*, ed. Teide, Barcelona, 1974, p. 154.

(43) Cfr. *Senda 8. Literatura*, ed. Santillana, Madrid, 1974, p. 68.

(44) Cfr. *Comprensión y expresión*, ed. Teide, Barcelona, 1974, p. 154.

(45) Cfr. E. Villamana, *op. cit.*, p. 204.

(46) Cfr. *Senda 8. Literatura*, ed. Santillana, Madrid, 1974, p. 68 e *Senda 8. Libro de lectura*, ed. Santillana, Madrid, 1977, p. 67.

(47) Cfr. Angeles Cardona, *op. cit.*, p. 258.

(48) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1957, p. 230.

(49) Cfr. Fernando Lázaro Carreter, *op. cit.*, 1977, p. 222.

orixinal e ás veces suplanta a este. (“Le vendieron los bueyes, ...”, “Este se va y aquel se va ...” (50)).

1.2. Galegos

A incorporación da lingua e a literatura galega aos plans de estudos non modificaron, polo de agora, o panorama que acabamos de analizar, aínda que, a priori, debería ter posto freo ao tratamento reducido, manipulado e asimilacionista que reciben os escritores galegos nas asignaturas de línguas e literatura española debido ao carácter marxinal que, intencionadamente, ocupa dentro dos programas vixentes. É óbvio que nunha historia da literatura circunscrita só ao ámbito galego, os nosos escritores poden clasificarse máis adecuadamente e recibir un tratamento máis extenso.

Así, Rosalía aparece dentro do “Rexurdimento” da literatura galega e a súa obra *Cantares Gallegos* salientase por ser “o acontecemento máis importante” (51), *Follas Novas* porque consolida “O Rexurdimento pleno das letras galegas” (52). Tamén se chega a dicir que na súa poesía hai “denuncia social” (53), “unha temática social de fonda ideoloxía provincialista” (54), ou que “crítica os males que abafan o país galego” (55), e “denuncia abertamente o abandono e desprécio que some a Galicia” (56), mesmo que “soubo se-la voz de denuncia dun pobo que sufría” (57).

Pero, en definitiva, séguese dicendo que *Cantares Gallegos* recrea “as cantigas populares da nosa terra” (58), “presenta baixo unha imaxe folclórica (¿Quererá darse a entender que hoxe sera algo así como unha Ana Kiro?) unha temática social: a emigración. Reivindica a terra e a fala. Canta as romarías e festas populares” (59), “presenta tipos populais moi ben caracterizados” (60), “parte de cantigas tradicionais” (61), “recrean as cantigas populares da nosa terra” (62).

De *Follas Novas*, destácase o carácter “íntimo e autobiográfico” (63), “a saudade”, sen esquecermos que, en conxunto, no que se refere á súa vida, acúsase unha forte carga morbosa: “filla de solteira” (64), “infancia difícil” (65).

(50) Cfr. *Senda 7. Libro de lectura*, Santillana, Madrid, 1984, p. 58.

(51) Cfr. *O noso galego*, 7º, ed. Xerais, Vigo, 1984, p. 52.

(52) Cfr. *O noso galego*, 8º, ed. Xerais, Vigo, 1984, p. 41.

(53) Cfr. *Ibid.*, p. 21.

(54) Cfr. *Ibid.*, p. 40.

(55) Cfr. *Ibid.*

(56) Cfr. *Ibid.*

(57) Cfr. *O noso galego*, 7º, ed. Xerais, Vigo, 1981, p. 48.

(58) Cfr. *Ibid.*

(59) Cfr. *Ibid.*

(60) Cfr. *O noso galego*, 8º, ed. Xerais, Vigo, 1984, p. 40.

(61) Cfr. Xoán Babarro, *As nosas letras*, 6º. Casals, Barcelona, 1980, 3ª ed., p. 9.


(62) Cfr. *O noso galego*, 7º, ed. Xerais, Vigo, 1981, p. 48.

(63) Cfr. *O noso galego*, 8º, ed. Xerais, Vigo, 1984, p. 41.

(64) Cfr. *O noso galego*, 7º, ed. Xerais, Vigo, 1981, p. 48.

(65) Cfr. *O noso galego*, 7º, ed. Xerais, Vigo, 1974, p. 52.

Como caso rechamente recollemos un de 5^o de E.X.B. no que se incluí como lectura un anaco dun poema de *Follas Novas* que fai referéncia ás exceléncias gastronómicas do noso país –das que, evidentemente, non hai que abxurar– que apoian a imaxe costumista e pexorativa que moitos galegos teñen da súa terra. As cuestións que se plantexan cremos que non precisan de nengun comentáριο, o mesmo que o debuxo que as acompaña (66).



ACTIVIDADES

1. Fai unha lista de tódolos alimentos que preparou a montañesa para a festa.
2. No poema fálase de dúas clases de viños, ¿podes citar outras clases de viños galegos?
3. Tamén se fala de instrumentos musicais; ¿sabes cales son os mais usados na nosa música popular?
4. Representa a lareira dunha casa montañesa nun día de festa.
5. Nestes versos están citados algúns parentes da dona; ¿podes facer unha relación de tódolos nomes de parentesco?

(66) Cfr. Santiago Fernández et alii, *Agromar. Lingua galega 5^o*, Ed. Anaya, Madrid, 1982, p. 112.

O Consello de redacción da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia editou un número monográfico da “revista dos escolares galegos”: *Chorimas* (67).

No editorial dísenos que “Rosalía é unha importante base sustentatoria do proceso global que en Galicia é algo real e isto motivou que os nosos alumnos o proxectasen neste número de *Chorimas*. Nas distintas maneiras de entendela, xeraron posibilidades enriquecedoras que avalan un pensamento común” (68).

As seguintes citas reflexan a imaxe que os escolares galegos teñen de Rosalía: “Sempre estaba triste. Choraba polos seus fillos e pola súa terra” (69), “Andivo co seu home dunha cidade para outra” (70) (¿a perfecta casada?), “Pasou anos chea de pena e ‘morriña’. Os versos que escribía eran tristes” (71).

Rosalía é “pobriña” (72), “nunca tivo acougo” (73) e “sufrió moitas dores” (74).

A carga morbosa no tratamento da súa biografía é asimilada polos rapaces da seguinte forma: “Era filla de solteira e iso fixo que tivese unha infancia difícil” (75), non tivo “pai legal” (76), foi “filla ilexítima” (77)...

No tocante á súa obra os rapaces e rapazas imaxínana escribendo “debaixo dunha figueiriña” (78) ou como amante da natureza “a Rosalía gustáballe a natureza e por iso lle fixo tantas poesías como a de Adiós ríos, adiós fontes” (79) cando non repeten de cor cousas que non comprenden “A aportación rosaliana máis singular é o emprego do símbolo puro. Esfórzase en encubrir con acerto o vencello real da metáfora” (80). Non pode ser doutra forma cando se manexa unha bibliografía escasa, unilateral e pouco selectiva.

2. Rosalía nos textos de B.U.P. e de bacharelato superior

2.1. *Españois*

En xeral, os textos de Literatura española de B.U.P. ou bacharelato superior de-

(67) Vid. *Chorimas* (1985).

(68) Cfr. *Chorimas*, p. 1.

(69) Cfr. “Conversa de nenos”, *Chorimas*, p. 12.

(70) Cfr. *Ibid.*

(71) Cfr. *Ibid.*

(72) Cfr. *Ibid.*

(73) Cfr. *Ibid.*

(74) Cfr. *Ibid.*

(75) Cfr. “Rosalía de Castro”, *Chorimas*, p. 46.

(76) Cfr. “A vida de Rosalía”, *Chorimas*, pp. 17 e 18.

(77) Cfr. “A vida de Rosalía”, *Chorimas*, p. 18 ou “Rosalía”, *Chorimas*, p. 38.

(78) Cfr. “Conversa de nenos”, *Chorimas*, p. 12.

(79) Cfr. “Os paseos de Rosalía polas beiras do río Sar”, *Chorimas*, p. 23.

(80) Cfr. “Comentario literario de ‘Follas Novas’”, *Chorimas*, p. 39.

dican un maior espáicio aos escritores. Por un lado no que se refere á biografía aparecen alusións a determinados aspectos da vida de Rosalia que non figuraban nos de E.X.B. —como se viu, si aparecían nos de galego— sen dúbida máis por puritanismo barato que por consideraren os autores dos mesmos que eran feitos ocasionais e non decisivos para o resultado literario. Deste modo, encontrámonos expresións como “Hija ilegítima, lo que quizá sea uno de los motivos de su incurable amargura” (81), “Un secreto familiar amarga su vida entera, lo que puede suponerse causa esencial de su honda y trascendental melancolía poética” (82).

Defínese a Rosalia como muller de “temperamento melancólico” (83) de “naturaleza delicada y enfermiza” (83), ou de “salud delicada” (84) a carón da súa “gran sensibilidad de espíritu” (85), como se fosen cousas relacionábeis. Nesta liña tamén se fai alusión á súa vida “llena de penalidades y dolores” (86), na que “Alternó los quehaceres domésticos con la actividad literaria” (87), e “dio fe de su arraigado cristianismo” (88) ... En definitiva, que a súa vida, que “determina gran parte de su obra” (89), se nos aparesenta como algo lacrimóxico e digno de lástima; e, por extensión, é doado que se tiren as mesmas conclusións da súa produción literaria.

Como na E.X.B., aparece nun bon número de libros de textos incluída entre os poetas románticos ou post-románticos (romantismo tardío), aínda que se diga que o seu romantismo apareza como algo “casi inconsciente e poco agresivo, quizá más espontáneo y sincero que el de aquella generación” (90) e se insista en que ensaiou versos “antes que los mejores logros modernistas” (91), que influiu na “generación del 98 y el Modernismo” (92) e tamén en Machado, inclusive chega a ocupar un epígrafe: “Rosalia de Castro, creadora del lirismo moderno” (93), afirmacións estas que contradín a inicial inclusión dentro do movemento romántico. Pero o feito é que Rosalia, como nos libros de E.X.B., aparece, por un lado, xunto a Bécquer, “la pareja

(81) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *Literatura española contemporánea*, ed. Anaya, Salamanca, 1965, 5ª ed., p. 81 e Fernando Lázaro Carreter y Vicente Tusón, *Literatura española*, ed. Anaya, Salamanca, 1976 e Madrid, 1982, p. 275.

(82) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *Curso de literatura*, ed. Anaya, Salamanca, 1972, p. 294 e *Curso de literatura (española y universal)*, ed. Anaya, Salamanca, 1974, p. 294.

(83) Cfr. Efrén Quintanilla Sanz, *Historia de la literatura*, ed. Everest, León, 1965, p. 269 e *Lengua y literatura española*, ed. Everest, León, 1976, p. 281.

(84) J.L. García Barrientos et alii, *Literatura española*, ed. Alhambra, Madrid, 1983, p. 314.

(85) Efrén Quintanilla Sanz, *ops. cit.*

(86) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1965, p. 81.

(87) Cfr. *Ibid.*

(88) Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1965, p. 83.

(89) Cfr. Benito Varela Jácome, *Literatura española contemporánea*, ed. Dolmen, Santiago, 1963, p. 23.

(90) Cfr. Agustí Arquer y Guillermo Alonso del Real, *Literatura*, ed. Magisterio Español, Vitoria, 1976, p. 427.

(91) Cfr. Benito Varela Jácome, *op. cit.*, p. 26.

(92) Cfr. C. Beceiro et alii, *Literatura española*, ed. Miñón, Valladolid, 1977, p. 493.

(93) Cfr. M. Ruiz Lagos e R. Rubio Latorre, *Lengua y literatura*, ed. Ecir, Valencia, 1978, p. 299.

de grandes líricos que prolongan y depuran el Romanticismo” (94), ambos “no hacen otra cosa que dar mayor simplicidad y hondura a la lírica del período anterior” (95) e “apenas encuentran eco entre el público contemporáneo” (96). En ocasións, achamos a mesma dependéncia citada para o caso da E.X.B.: “Su vida, también oscura y penosa (...)” (97) “Como la de Bécquer su poesía denota también una ansiedad febril” (98) “Si comparamos la poesía de Rosalía con la de Bécquer, hallamos idéntica sencillez de expresión” (99), así como a sua total omisión, pois Bécquer é “un caso aparte de la poesía decimonónica española” (100) ou o “verdadero renovador de la lírica, que dio el paso inicial y definitorio hacia una concepción moderna de la expresión lírica” (100).

Hai algun caso que, dentro do Romanticismo e recoñecendo o influxo de Bécquer, a inclui nun apartado de “Poesía femenina”, xunto con Carolina Coronado que, como nos exemplos citados da E.X.B., ocupa a parte gráfica (101). Nestes casos o reduccionismo é total, pois a poesía de Rosalía (só se refere a *En las orillas del Sar*) (102) é algo tan ambíguo como unha evocación do “misterio de las cosas que se presienten y no se ven y la tristeza de los amores que se han ido” (103) ou reflexa “la ternura melancólica de los paisajes de su Galicia natural” (104).

Esta caracterización é totalmente oposta á de outros autores, para os que no poema “A man nerviosa e palpitante o seo”, Rosalía só é muller pola alusión, no verso primeiro, ao “seno palpitante” (105), xa que “Ninguno de los mitos de la feminidad, vanidad, dulzura, delicadeza, son aplicables a estos versos” (105).

E unha tendéncia moi xeneralizada nos textos posteriores ao 76 incluír un apartado adicado a “Literaturas regionales” ou “otras literaturas hispánicas, curiosamente coincidiendo co proxecto do estado descentralizado (?) ou de “la España de las autonomías”, cousa que xa encontrabamos de maneira illada en textos anteriores a esta data (106). Nesta conxuntura estas literaturas, e a galega en concreto,

(94) Cfr. Evaristo Correa e Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1972 e 1974, p. 294.

(95) Cfr. José García López, *Historia de la literatura*, ed. Teide, Barcelona, 1959, 2ª ed., p. 250.

(96) Cfr. Guillermo Alonso del Real e Agustí Arquer, *Literatura*, ed. Magisterio Español, Madrid, 1977, p. 317.

(97) Cfr. Evaristo Correa e Fernando Lázaro, *ops. cit.*, 1972 e 1974, p. 294.

(98) Cfr. José García López, *op. cit.*, p. 253.

(99) Cfr. *Ibid.*

(100) Cfr. J.J. Amate Blanco, M. Etreros Mena, J. Rico Verdú, *Hacia la comunicación*. 3, ed. Alhambra, Madrid, 1981, p. 324.

(101) Cfr. Guillermo Díaz Plaja, *Historia de la literatura española*, vol. III, s. XVIII-XX, ed. La Espiga, Barcelona, 1946, p. 420, e *Historia de la literatura española encuadrada en la universal*, ed. La Espiga, Barcelona, 1962, 26ª ed., p. 113.

(102) O único que sería correcto incluír dentro da literatura española.

(103) Cfr. Guillermo Díaz Plaja, *ops. cit.*, pp. 114 e 420.

(104) Cfr. *Ibid.*

(105) Cfr. Agustí Arquer y Guillermo Alonso del Real, *op. cit.*, 1976, p. 429.

(106) Cfr. Alberto Risco, *Historia de la literatura española y universal*, ed. Monge, Vigo, 1942.

séguese considerando froito do romantismo: “secuela del Romanticismo” (107), “continúa en lo esencial dentro de la órbita del Romanticismo” (108) “herencia del movimiento romántico: la búsqueda del pasado propio, la valorización de lo folklórico” (109), en definitiva que o renacemento das literaturas de expresión non española foron unha consecución do “amor a la lengua y a los usos y costumbres regionales” característica do romantismo (110). Isto significa unha dependencia –subliminarmente do país– literaria, xa que Rosalía, alén de figurar neste capítulo, aparece tamén na maior parte dos casos citados xunto cos poetas de expresión “castellana”. A maiores hai unha segunda dependencia do rexurdimento da literatura galega ao estar subordinada á Renaixença: “como en Cataluña” (111), movemento que “no tuvo la fuerza de la Renaixença catalana” (112), “El Resurgimiento de la Literatura Gallega fue más vacilante que el de la catalana y cuando se produjo no lo hizo con tanta fuerza ni continuidad” (113), xa que “Cultural y económicamente, así mismo, Galicia va a la zaga de Cataluña” (113).

Dentro do Rexurdimento Rosalía non necesariamente recibe un millor tratamento en canto a extensión e profundidade que cando figura noutros capítulos e mesmo se chega a valorala como “sin disputa, la mejor poetisa nacida en tierras españolas” (114). Nestes casos, unhas veces, ela só destaca individualmente ocupando un epígrafe independente dentro do Rexurdimento (115) ou resaltando que a publicación de *Cantares Gallegos* marca o renacemento da literatura galega (116), así como que se trata da “primera figura del renacimiento literario de Galicia” (117). Outras figura na compañía doutros escritores: a literatura galega no século XIX “adquiere nuevo vigor merced a los poetas Rosalía de Castro, Curros Enríquez y Eduardo Pondal” (118), “Junto a ella, Eduardo Pondal y Manuel Curros Enríquez forman la trilogía de los grandes poetas gallegos del siglo XIX” (119), Rosalía, Curros e Pondal formaron o “faro de la Galicia romántica” (119), e pretenderon “dar al color local y costumbrista (do idioma galego) una resonancia universal” (120).

(107) Cfr. Ignacio Bonnín y José Comas, *Literatura española. Tempo*, ed. Vicens-Vives, Barcelona, 1976, p. 333.

(108) Cfr. *Literatura española*, Teide, Barcelona, 1976, p. 398.

(109) Cfr. M^a Fernanda de Abréu et alii, *Lengua española y literatura*, ed. Santillana, Madrid, 1979, p. 371.

(110) Cfr. Alberto Risco, *op. cit.*, p. 167.

(111) Cfr. Ignacio Bonnín y José Comas, *op. cit.*, p. 333.

(112) Cfr. J.L. García Barrientos et alii, *op. cit.*, p. 314.

(113) Cfr. Pablo Jauralde Pou, *Lengua y literatura española*, ed. Everest, León, 1976, p. 265.

(114) Cfr. *Literatura española*, Teide, Barcelona, 1976, p. 556.

(115) Vid. J.L. García Barrientos et alii, *op. cit.*, p. 314.

(116) Vid. Pablo Jauralde Pou, *op. cit.*, p. 264.

(117) Cfr. Alberto Risco, *op. cit.*, p. 172.

(118) Cfr. C. Díaz Castañón y P. Martínez Domínguez, *Lengua española y literatura*, ed. Silos, Valladolid, 1976, p. 238.

(119) Cfr. Mariano Baquero et alii, *Literatura española*, ed. Anaya, Salamanca, 1976, p. 516.

(120) Cfr. C. Beceiro et alii, *op. cit.*, p. 493.

Dos textos manexados só un recolle a obra de Rosalía publicada en libro (121) e outro pretende facelo —esquecendo nas novelas a derradeira, *El último loco*, que sustitue pola narración breve *El cadiceño* (122).

No resto ignórase toda a obra en prosa e as dúas primeiras de versos españois. Mentres que no segundo as novelas de Rosalía só van acompañadas dun brevísimo comentáριο argumental (123) no primeiro dedícaselle un epígrafe a “Rosalía, novelista”. Nel se nos di que *La hija del mar*, *Flavio* e *El primer loco* “están dentro de la tendencia romántica” (124), *Ruinas* e *El caballero de las botas azules* “caen dentro de la corriente realista” (124). A esta última obra dedícalle unha análise relativamente extensa na que sobre todo se subliña o seu vanguardismo: “es un antecedente de la profusa producción realista del último tercio del siglo XIX” (125).

Os *Cantares Gallegos* son “Poemas fragantes, sencillos, animados de ritmos populares, en los que evoca los paisajes, las costumbres, las gentes, las ermitas, los mares de su región, con cantos de añoranza, de anhelo de regreso” (126); neles “Glosa breves canciones populares, expresando en ellos su intensa nostalgia del paisaje y el ambiente de Galicia” (127). En resume, unha “Añoranza de Galicia” (128).

Para os autores oficiais da Anaya parecía estar claro que esta obra era o “resultado de una aguda nostalgia que acometió a Rosalía cuando, a raíz de su matrimonio, tuvo que vivir durante algún tiempo en Castilla” (129) e estaba simplemente destinada a combater (baseándose no prólogo que traducen, sen indicalo) “la falsedad con que, fuera de aquí, pintan (...) a los hijos de Galicia y a Galicia misma” (129) e por iso estes “poemillas” (129) que eran froito da “musa aldeana (...) arrebatada por las romerías populares gallegas” (129) e que, en consecuencia, “requerían el acompañamiento de la gaita y el tamboril” (129), convertéronse nunha “hermosísima y fragante replica” (129) a Castela, sobre todo se temos en conta que para os que isto escriben esta “mala opinión” (129) xa desapareceu (130).

Cantares Gallegos é un “libro costumbrista” (131), cheo de “expresiones vulgares, retruécanos y dichos chocarreros” (131), pródigo en “diminutivos, adjetivos en

(121) Vid. Benito Varela Jácome, *op. cit.*

(122) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1965.

(123) P.ex., *La Hija del mar* é “exaltadamente romántica, con piratas, locuras y injusticiamientos” (p. 81) e “tiene más interés para conocerla a ella misma que por su valor intrínseco” (p. 82).

(124) Cfr. Benito Varela Jácome, *op. cit.*, p. 26.

(125) Cfr. *Ibid.*, p. 27.

(126) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1965, p. 82.

(127) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *ops. cit.*, 1972 e 1974, p. 294.

(128) Cfr. Fernando Lázaro y Vicente Tusón, *ops. cit.*, 1976 e 1982, p. 275.

(129) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *Antología literaria española contemporánea*, ed. Anaya, Salamanca, 1965, p. 13.

(130) Estas afirmacións refórzanse cos versos que as acompañan: “As de cantar”, “Cantart’ei Galicia”, “Airiños, airiños, aires” (seguida da tradución “Airecillos, airecillos, aires” que semella ridículo), pp. 14-17.

(131) Cfr. Benito Varela Jácome, *op. cit.*, p. 24.

dominantes emocionales, estimativos y despectivos" (132) e en "transmutaciones de vivencias paisajísticas, imágenes femeninas o fenómenos afectivos" (132) o que dá como resultado "algunas composiciones quejumbrosas, demasiado quejumbrosas" (133) nunha versificación "de escasa variedade" (134).

O autor recoñece que "A pesar de su popularismo (...) ha merecido positivos comentarios de críticos españoles y extranjeros" (135) e mesmo parece censurar que "significa para algunos críticos regionales el triunfo del "renacimiento" galaico" (135).

En canto a *Follas Novas* —ás veces "*Folhas novas*" (136)— "es el gran poema del alma gallega" (137), un "haz de poemas de intensa emoción, de palpitante e íntima angustia de infinito" (138) onde atopamos un "sentimiento de dolor y desengaño" (139).

A infravaloración de *Follas Novas* maniféstase no feito de que nalgunha antoloxía non se inclúen poemas desta obra. Tamén hai quen fai dela unha lectura biográfica (vid. nota 74) e como resultado hai un predomnio de "dolor, saudade, pesimismo, melancolía" (140) que conducen a que nalgunha composición se misture "el temor de ser demasiado dichoso —complejo de Polícrates— y la masoquista satisfacción en la amargura" (140) deixando nun segundo plano os poemas de "honda dimensión social" (141).

En las orillas del Sar ven sendo unha "atormentada confesión de su intimidad" (142), cando non "versos de hondo y depurado patetismo, de conmovedor sentimiento melancólico" (143), ou un "libro capital de la lírica castellana" (144).

Na *Antología* (145) onde se recollen sete poemas, faise fincapé na polimetría que, no remate de contas, queda pouco sobranceada porque "antes que ella, Espronceda, la Coronado, la Avellaneda y, a la vez, Bécquer, ofrecen audacias métricas semejantes, inherentes a la condición musical de los líricos románticos" (146), así como no "patetismo" (146) no "signo del dolor" (146), no "talante religioso" (147)

(132) Cfr. *Ibid.*, p. 25.

(133) Cfr. *Ibid.*, p. 24.

(134) Cfr. *Ibid.*, p. 25.

(135) Cfr. *Ibid.*, p. 24.

(136) Cfr. Agustí Arquer y Guillermo Alonso del Real, *op. cit.*, p. 426.

(137) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1965, p. 82.

(138) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *ops. cit.*, 1972 e 1974, p. 294.

(139) Cfr. Fernando Lázaro y Vicente Tusón, *ops. cit.*, 1976 e 1982, p. 275.

(140) Cfr. Benito Varela Jácome, *op. cit.*, p. 23.

(141) Cfr. *Ibid.*, p. 24.

(142) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1965, p. 82, e Fernando Lázaro e Vicente Tusón, *ops. cit.*, 1976 e 1982, p. 275.

(143) Cfr. Evaristo Correa y Fernando Lázaro, *ops. cit.*, 1972 e 1974, p. 294.

(144) Cfr. Fernando Lázaro y Vicente Tusón, *ops. cit.*, 1976 e 1982, p. 275.

(145) Cfr. Evaristo Borrea y Fernando Lázaro, *op. cit.*, 1965^b.

(146) Cfr. *Ibid.*, p. 17.

(147) Cfr. *Ibid.*, p. 20.

e nas “angustias” (148) ou “angustiada religiosidad” (149), xunto con algunha mostra da “honda conciencia social” (150).

En las orillas del Sar é “su significativa obra” (151) pois, ademais de estar motivada por “el dolor y la amargura; el amor y el contraste de los desengaños, los cien motivos de la dura existencia, la desolación del alma; la infancia triste y desvalizada” (151), de estar escrito “bajo la copa redonda de los castaños, ante la sombra lanzal de los pinos, a lo largo de viejos, de humildes caminos aldeanos” (151); lonxe de darnos unha visión de Galécia “que en otro poeta sería costumbrismo localista” (151) ofrécenos “una emoción honda de resonancia universal” (151), e, por se isto fose pouco, nela ensaia versos moi novedosos e achéganos á poesía do XIX por meio de “algunas innovaciones expresivas y la frecuente utilización del símbolo biséptico” (152).

2.2. Galegos

En canto ao tratamento da vida de Rosalía, tamén nos libros de literatura ou lingua e literatura galegas, non deixamos de atopar exemplos na mesma liña dos de literatura española. Séguese facendo fincapé, nalgún caso, na súa condición de filla natural: “O misterio que arrodea o seu nacemento é ben explicable ó ser filla dunha fidalga solteira (...) e dun seminarista” (153) ou “o desleigamento do ámbito familiar, condicionado polas circunstancias do seu nacemento, vai ir marcando, ós poucos pero fondamente, o espírito de Rosalía” (154). Incluso se chega a dicir que Rosalía tardou “en ser recoñecida por medo ó escándalo” (155).

Outras veces non se fan alusións á vida pero si ao resultado literario: “Resulta en moitas ocasións imposible trazarnos a fronteira entre a dor persoal da autora e o sufrimento do seu pobo” (156).

Como escritora incluíse dentro da literatura galega do século XIX ou máis concretamente no Rexurdimento, as veces calificado de “producto romántico que aparece ó longo do século XIX” (157) aínda que se explica que non foi un “Romanticismo galego” (158). Neste aspecto, non obstante, os avances que se dan na clasificación con

(148) Cfr. *Ibid.*, p. 19.

(149) Cfr. *Ibid.*, p. 21.

(150) Cfr. *Ibid.*, p. 19.

(151) Cfr. Benito Varela Jácome, *op. cit.*, p. 25.

(152) Cfr. *Ibid.*, p. 26.

(153) Cfr. Colectivo Seitura, *Literatura galega*, ed. Xerais, Vigo, 1982, p. 138.

(154) Cfr. *Ibid.*, p. 139.

(155) Cfr. Colectivo Seitura, *Lingua e literatura galegas*, ed. Xerais, Vigo, 1982, p. 263.

(156) Cfr. Xoán Carlos Rábade Castiñeira et alii, *Lingua galega. 2*, ed. Everest, León, 1982, p. 90.

(157) Cfr. Colectivo Seitura, *Lingua e literatura galega*, ed. Xerais, 1982, p. 260.

(158) Cfr. *Ibid.*, p. 261.

relación as explicacións que se ofrecían na literatura española son grandes. Así dise que o renacer da literatura galega foi paralela “á orixe e desenvolvemento do que podemos chamar ideoloxía galeguista” (159), iniciando, ademais, “a defensa do idioma que é utilizado como vínculo de reivindicacións e como causa reivindicada” (160).

En canto á obra, o espazo adicado é maior, mais isto non impide que *Cantares Gallegos*, como consecuencia de estar escrito “para Galicia e en galego” (161) añorándoa polo seu afastamento, sexa “un conxunto de glosas ou comentarios extensos de cántigas populares” (162), cando non se trata dunha “pintura dos costumes aldeáns cun afán reivindicativo” (163) ou simples “poesía popular” (164).

O mesmo acontece con *Follas Novas*, do que se destaca a parte do libro “na que expresa os seus sentimentos persoais e os seus plantexamentos diante da vida” (165) ou se reduce a “metafísica romántica” (166). Como é normal, por tratarse de literatura galega, as referencias á súa obra en español son escasas.

3. Conclusións

A luz do visto, podemos concluir que a visión que os estudantes de E.X.B. e de B.U.P. obteñen de Rosalía —agás en casos de moita sorte— é a dunha escritora que non significa máis que un elo nunha cadea —e da historia da literatura española— e nunca a de que foi a figura clave no rexurdir da literatura galega.

(159) Cfr. Colectivo Seitura, *Literatura galega*, ed. Xerais, Vigo, 1982, p. 111.

(160) Cfr. *Ibid.*, p. 115.

(161) Cfr. Colectivo Seitura, *Lingua e literatura galegas*, ed. Xerais, Vigo, 1982, p. 264.

(162) Cfr. *Ibid.*, p. 267.

(163) Cfr. Colectivo Seitura, *Literatura galega*, ed. Xerais, Vigo, 1982, p. 267. P.ex. analizando “S. Antonio Bendito” dise que é un poema “onde unha solteirona relátanos a súa desgracia e os anelos por casar”, p. 143.

(164) Cfr. X.C. Rábade et alii, *op. cit.*, p. 90.

(165) Cfr. Colectivo Seitura, *Literatura galega*, ed. Xerais, Vigo, 1982, p. 141.

(166) Cfr. X.C. Rábade et alii, *op. cit.*, p. 90.